

## **Bases reguladoras da convocatoria de selección para cubrir, polo sistema de concurso, un posto temporal de técnico/a coordinador/a de proxecto vinculado ao Programa Complementario de Comunicacions Cuánticas (PCCC)**

### **Referencia: PCCC-23-TCP1**

En cumprimento da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en materia de persoal e contratación, a Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia, dependente da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, acorda esta convocatoria de selección de persoal.

### **1) Obxecto da convocatoria**

Esta convocatoria ten por obxecto a cobertura de un posto temporal que figura no Anexo B deste documento na Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA).

### **2) Réxime xurídico da contratación**

Contrato de traballo temporal de duración determinada a xornada completa vinculado ao "Programa Complementario de Comunicacions Cuánticas" e regulado polo disposto na lexislación vixente que resulte de aplicación, en particular pola Disposición adicional quinta do Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro.

### **3) Duración**

A contratación obxecto da presente convocatoria será de duración determinada, limitada á duración dos traballos para os que se realiza a contratación e indicado no Anexo B.

### **4) Requisitos**

Os/as candidatos/as, para poder participar neste proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Poderán participar no proceso selectivo, as persoas que cumpran algunha das seguintes características:
  - Ter nacionalidade española.
  - Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.
  - Ser nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificado por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
  - Calquera que sexa a súa nacionalidade, tamén poderán participar os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Así



mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

- Ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos apartados anteriores.
- Ter cumpridos os 16 anos de idade.

2. Posuír e acreditar o TÍTULO que figura no Anexo B para este posto.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que xustifique a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes. O requisito da homologación non será aplicable aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito Comunitario (Directiva 89/48/CEE, Directiva 2005/36/CE e RD 1837/2008).

3. Coñecemento da lingua galega (acreditado con copia simple do título de perfeccionamento en lingua galega ou CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística) ou compromiso de adquisición de coñecementos.

4. Coñecemento de inglés no nivel requirido no anexo B das bases (acreditado con copia simple do certificado correspondente ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de CEFR (Common European Framework of Reference). Os/as aspirantes que non estean en posesión da titulación requirida, deberán realizar unha proba eliminatoria e cuxa valoración será de apto ou non apto.

5. Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

6. No caso de persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no que fora separado o inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

7. Requisitos particulares: os indicados no Anexo B para o posto.

## 5) Documentación a presentar obrigatoriamente

- Solicitud asinada dirixida ao Director-Xerente da Fundación CESGA no modelo Anexo A.1, indicando a referencia do posto.
- Modelo asinado de datos persoais para cumprimento do *Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 (GDPR), Ley Orgánica de Protección de Datos y Garantía de Derechos Digitales (LOPDGDD, de la Ley 3/2018 de 5 de diciembre)*, no modelo Anexo A.2.



- c) Currículum vitae (CV), no que se fará constar a concorrencia dos requisitos esixidos e puntos valorados segundo as bases desta convocatoria.
- d) Fotocopia simple do título esixido para o posto no Anexo B.1, ou documento que acredite de modo fidedigno a posesión do correspondente título académico.
- e) Fotocopia simple do D.N.I. ou pasaporte. Os/as aspirantes que non teñan a nacionalidade española, acreditarán que concorren as circunstancias previstas na base 4.1.
- f) Fotocopia simple do expediente académico referido á titulación esixida no Anexo B.1.
- g) Se é o caso, fotocopia simple do título de perfeccionamento en lingua galega, do CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, ou certificado do CESGA no que se acredite a obtención da cualificación de APTO/A na proba de galego en convocatorias anteriores (no caso de que a proba fora feita anteriormente no CESGA, non será necesario aportalo no momento da solicitude, sendo necesario a súa solicitude no Anexo A, indicando a referencia da praza).
- h) Se é o caso fotocopia simple do certificado de coñecemento de inglés no nivel requerido que figura no Anexo B. O nivel acreditarase mediante certificado correspondente segundo os seguintes:
- Nivel Básico: A2.
- Nivel Medio: B1.
- Nivel Alto: B2.
- ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de CEFR (Common European Framework of Reference).
- Os/as aspirantes que non estean en posesión da titulación requirida, deberán realizar unha proba eliminatoria e cuxa valoración será de apto ou non apto.
- i) Fotocopia simple da xustificación de cada un dos méritos a valorar especificados no Anexo B.2.1 para a Fase 1 de baremación de méritos. Só valoraranse os méritos que teñan unha xustificación documental axeitada.
- j) Modelo anexo B.3 cuberto para a valoración de méritos.

O aspirante seleccionado/a deberá presentar nas dependencias da Fundación CESGA dende a data da resolución, no prazo de días naturais que fixa o Anexo B.1, a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do D.N.I. ou pasaporte. Os/as candidatos/as que non teñan a nacionalidade española, acreditarán documentalmente que concorren as circunstancias previstas na base 4.1.
- Fotocopia compulsada do título presentado para o posto que foi seleccionado/a ou documento que acredite de modo fidedigno a posesión do correspondente título académico.
- Orixinal das xustificacións dos méritos alegados para a súa comparación, se é o caso.
- Copia comparada do título de CELGA 4, do título de perfeccionamento da lingua galega ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano



competente en materia de política lingüística, ou certificado do CESGA no que se acredite a obtención da cualificación de APTO/A en convocatorias de prazas anteriores, se fora o caso.

- Copia comparada da titulación de inglés, ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de CEF (Common European Framework), ou certificado do CESGA no que se acredite a obtención da cualificación de APTO/A en convocatorias de prazas anteriores, se fora o caso.

## **6) Lugar e prazo de presentación de solicitudes**

As solicitudes dirixidas ao director-xerente da Fundación deberán presentarse no modelo normalizado que figura no Anexo A.1 da presente convocatoria.

Presentaránse na Secretaría da Fundación ou remitiránse por correo certificado ás oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Vida), 15705 Santiago de Compostela, indicando no sobre a referencia do posto que aparece no Anexo B.1. destas bases ou por correo electrónico á dirección [emprego@cesga.gal](mailto:emprego@cesga.gal). No caso do envío por este último medio, toda a documentación terá que vir anexada en formato PDF e só se considerarán válidas as recibidas no CESGA antes da data límite. Deberá indicarse no asunto do mensaxe a referencia do posto que aparece no Anexo B.1. destas bases. No caso de envío por correo certificado deberá adiantarse por correo electrónico a [emprego@cesga.gal](mailto:emprego@cesga.gal) copia do modelo da solicitude cuberta e do certificado de correos.

O prazo de presentación de solicitudes será o que figura no Anexo B.1 para o posto, contando a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria, no Diario Oficial de Galicia.

O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á Fundación, de calquera cambio nela.

## **7) Proceso de selección**

A selección, efectuarase por unha comisión designada ao efecto para o posto que figura no Anexo B.1.

O proceso de selección consistirá no seguinte:

- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicaranse as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as ao proceso de selección, con indicación da causa de exclusión, establecéndose o prazo que figura no Anexo B.1 para, a petición do/a interesado/a, reparar calquera erro que sexa subsanable, e especificándose a data, hora e lugar para a realización das probas de galego e inglés para os/as candidatos/as que non teñan acreditados estes requisitos, no caso de ser necesarios. A proba de coñecemento de galego consistirá na tradución dun texto de galego a castelán. A proba de inglés, dependendo do nivel solicitado no Anexo B.1, consistirá:

Nivel básico: na tradución dun texto técnico de castelán ou galego a inglés.

Nivel medio: redacción dun texto en inglés.



Nivel alto: realización dunha entrevista en inglés dun máximo de 10 minutos e a redacción dun informe en dita lingua.

A duración de cada proba será dun máximo de trinta (30) minutos. Todas as publicacións, relativas ao proceso selectivo, faranse na páxina web da Fundación [www.cesga.gal](http://www.cesga.gal).

- Tras realizar as probas de galego e inglés, se foran necesarias, publicaranse as listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as coa cualificación destas probas de inglés e galego, establecéndose un prazo de días naturais, que figura no Anexo B.1. para alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.
- A selección do candidato será efectuada polo procedemento de concurso de méritos, que constará de dúas fases: unha primeira fase de baremación de méritos alegados e outra segunda fase de entrevista persoal.
  1. A Primeira Fase consistirá na valoración dos méritos alegados polos aspirantes que se puntuarán de acordo co baremo establecido no Anexo B.2. Finalizada esta primeira fase da valoración dos méritos, a Comisión publicará na páxina web da Fundación ([www.cesga.gal](http://www.cesga.gal)), a listaxe provisional da puntuación de todos/as os/as aspirantes, establecéndose un prazo de días naturais, que figura no Anexo B.1, para alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.

Finalizadas as alegacións á valoración provisional dos méritos, publicarase a valoración definitiva designando aos candidatos que por obter a mellor puntuación deberán pasar á segunda Fase (realización da entrevista). Nesta publicación establecerase a data, lugar e hora de realización da entrevista. O número de candidatos seleccionados para a entrevista será o especificado no Anexo B.1 para o posto.

2. A Segunda Fase consistirá na realización das entrevistas persoais, cuxa puntuación máxima se especifica no Anexo B.1. A duración da entrevista será duns quince (15) minutos e terá unha valoración máxima que figura no Anexo B.1 para o posto e versará sobre:
  - 1) Perfil dos/as candidatos/as.
  - 2) Complementos do currículo vitae.
  - 3) Idoneidade dos/as candidatos/as para o posto.
  - 4) Disponibilidade de incorporación.
  - 5) Cuestións propias das funcións do posto a desempeñar.

A entrevista realizarase de forma individualizada e terá por finalidade obter un mellor coñecemento do/a aspirante, grazas á comunicación directa que proporciona e ademais permitirá ao candidato presentarse ante a organización, argumentar a súa experiencia e ter a oportunidade de resolver dúbidas respecto ao posto de traballo ao que está a aspirar.

- Finalizada esta segunda fase das entrevistas, a Comisión publicará na páxina web da Fundación, [www.cesga.gal](http://www.cesga.gal), un acordo coa listaxe da puntuación final dos/as aspirantes que virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada unha das fases (valoración de méritos e a entrevista), establecéndose o prazo de días naturais que figura no Anexo B.1, para alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.



- Finalizada a fase de alegacións, a comisión publicará, na páxina web da Fundación, [www.cesga.gal](http://www.cesga.gal), o resultado da selección.

En caso de empate na puntuación final, dirimirase a favor da persoa que obteña maior puntuación na fase dos méritos enumerados no anexo B.2 pola orde establecida no mesmo.

Debido á infrarrepresentación do sexo feminino na Fundación CESGA nesta categoría profesional, no caso de empate entre dous ou máis candidatos/as, será admitida a muller de conformidade ao disposto no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, de persistir o empate, e en último lugar pola orde alfabética do primeiro apelido e de ser igual polo segundo, a partir da letra establecida na Resolución de 23 de xaneiro de 2023 da Consellería de Facenda e Administración Pública, DOG número 18, de 26 de xaneiro de 2023, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre os implicados.

## **8) Comisión de Selección**

1. A comisión de selección estará formada, polos membros que figuran no Anexo B.1 para o posto.

O Presidente da Fundación, en caso de necesidade, poderá nomear suplentes. A Comisión poderá nomear asesores expertos, os cales limitaranse ao exercicio das súas respectivas especialidades e colaborarán coa comisión con base exclusivamente nas mesmas. Os membros da Comisión de Selección estarán en posesión de titulación igual ou superior á do posto obxecto da convocatoria.

En todo caso, a Fundación garantirá, na medida do posible, a paridade entre mulleres e homes na designación da comisión de acordo co establecido no artigo 48 do Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

2. Os membros da comisión absteranse de intervir, notificándollo ao presidente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou que realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente solicitará aos membros da comisión de selección declaración expresa de non atoparse incursos nas causas sinaladas de abstención.

Os/as aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de selección cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

3. Para a válida constitución da comisión, para os efectos de realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza in situ ou por videoconferencia ou audioconferencia, de polo menos a metade dos seus membros, con presenza en todo caso do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Para a toma de decisións da comisión, e demais cuestións da comisión, estarase ao disposto nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de



selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

4. Para efectos de comunicación e demais incidentes, a comisión terá como sede as oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Universitario Sur) - 15705 Santiago de Compostela.

## **9) Resultado da Selección**

Finalizado todo o proceso anterior, a comisión de selección publicará a través da páxina web da Fundación ([www.cesga.gal](http://www.cesga.gal)), o resultado da selección co nome da persoa seleccionada para o posto. Así mesmo, e co fin de determinar posibles substitucións para este proceso selectivo, a comisión elaborará unha lista de espera entre as persoas finalistas que realizaron a entrevista e que non resultasen beneficiarias do posto. A vixencia da lista de substitucións coincidirá coa duración do contrato obxecto do proceso selectivo. Farase constar o prazo de incorporación, así como a documentación complementaria que deberá achegar a persoa seleccionada para formalizar o contrato.

A contratación da persoa estará condicionada á autorización preceptiva da Xunta de Galicia.

O tipo de contrato será temporal de duración determinada a xornada completa, vinculado ao "Programa Complementario de Comunicacións Cuánticas" financiado polos convenios seguintes:

*"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DE VIGO E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA INSTRUMENTAR A ACHEGA DE GALICIA AO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE COMUNICACIÓN CUÁNTICA DENTRO DOS PLANS COMPLEMENTARIOS DE I+D+I DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA" e*

*"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DE VIGO E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE COMUNICACIÓN CUÁNTICA DENTRO DOS PLANS COMPLEMENTARIOS DE I+D+I DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU"*

Este contrato en ningún caso dará lugar ao recoñecemento da condición de laboral fixo e estarán suxeitos ao período de proba regulado no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, actuando como órgano de contratación da Fundación o seu Director-Xerente, acto para o que está facultado en virtude da escritura de poder outorgada con data 3 de marzo de 2022 ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia D. José Manuel Amigo Vázquez e co número de protocolo 680.

Santiago de Compostela (á data da sinatura dixital)

O director xerente da Fundación CESGA,

Lois Orosa Nogueira



## **ANEXO A: Modelos A.1 e A.2**

**Bases reguladoras da convocatoria de selección para cubrir, polo sistema de concurso, un posto temporal de técnico/a coordinador/a de proxecto vinculado ao Programa Complementario de Comunicacions Cuánticas**

**Referencia: (REF: PCCC-23-TCP1 )**





### A.1. MODELO DE SOLICITUDE

|                          |                            |
|--------------------------|----------------------------|
| Referencia: PCCC-23-TCP1 | Data publicación anuncio:  |
|                          |                            |
| DNI/NIE:                 | Nome                       |
|                          |                            |
| Primeiro apelido         | Segundo apelido            |
|                          |                            |
| País                     | Código postal              |
|                          |                            |
| Provincia                | Concello                   |
|                          |                            |
| Enderezo                 |                            |
|                          |                            |
| Correo electrónico       | Móbil/Teléfono de contacto |
|                          |                            |

#### DOCUMENTACIÓN:

- Anexo A.2 datos persoais de candidatos/as a emprego .....
- Copia DNI .....
- Currículo Vitae .....
- Copia da Titulación .....
- Copia Expediente académico .....
- Copia Certificado Perfeccionamento da Lingua Galega ou CELGA 4, se é o caso.
- Solicita recoñecemento da aptitude en Lingua Galega de convocatorias anteriores da Fundación CESGA ..... Ref. posto
- Xustificación do coñecemento de inglés .....
- Solicita recoñecemento da aptitude en Lingua Inglesa de convocatorias anteriores da Fundación CESGA ..... Ref. posto
- Modelo Anexo B.3 de valoración de méritos e copia dos xustificantes dos méritos alegados .....
- Outra documentación .....

#### DECLARACIÓN XURADA:

- A persoa abaixo asinante declara baixo xuramento posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas (marque este cadro se é o caso).
- A persoa abaixo asinante declara baixo xuramento non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por



resolución xudicial ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba no que fora separado o inhabilitado.

A persoa abaixo asinante, ao non poder xustificar a aptitude en Lingua Galega, comprométese a adquirir os coñecementos básicos da Lingua Galega no caso de ser contratado.

Solicita a participación no proceso de selección convocado pola Fundación CESGA e referenciado no punto 2 desta solicitude.

En Santiago de Compostela,                      de                      de

*Asdo.:* .....

**DIRECTOR XERENTE FUNDACIÓN CESGA**  
**Avda. de Vigo, s/n (Campus Vida) 15705 Santiago de Compostela (A**  
**Coruña)**



**A.2. MODELO PARA RECABAR DATOS PERSOAIS DE CANDIDATOS/AS A EMPREGO**

|  |                 |
|--|-----------------|
| Referencia do posto: <b>PCCC-23-TCP1</b> |                 |
|  |                 |
| DNI/NIE                                  | Nome            |
|  |                 |
| Primeiro apelido                         | Segundo apelido |
|  |                 |

En cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos, "Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 (GDPR), Ley Orgánica de Protección de Datos y Garantía de Derechos Digitales (LOPDGDD, de la Lei 3/2018 de 5 de decembro)" facilitámoslle a seguinte información que debe ler, antes de asinar a ficha de alta como candidato/a de emprego:

|  |  |
|--|--|
| Responsable do tratamento dos datos de carácter persoal: | Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA), con CIF: G15852981 e domicilio en Avenida de Vigo, s/n Campus Sur, CP: 15705, Santiago de Compostela.<br>rgpd@cesga.es                 |
| Fins do tratamento:                                      | Os datos persoais facilitados vanse utilizar para a xestión dos procesos de selección do CESGA.  |
| Lexitimación:  | Consentimento do/a interesado/a.   |
| Destinatarios:   | Non se van realizar cesións a terceiros. Non se van realizar transferencias internacionais de datos.   |
| Dereitos:  | Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, como se explica na información adicional.   |
| Información adicional:                                   | Pode consultar a información adicional na Política de Privacidade e Protección de Datos que figura na páxina web do CESGA: <a href="https://cesga.es/es/politicadeprivacidad">https://cesga.es/es/politicadeprivacidad</a> |

Consentimento para o tratamento de datos persoais (marcar o recadro)

O/A interesado/a declara ser maior de 16 anos, e presta o seu consentimento para o tratamento dos seus datos de carácter persoal, de acordo coa información facilitada e as condicións expostas na Política de Protección de Datos. Así mesmo, declara ser exactos e veraces os datos facilitados e obrígase a comunicar por escrito á Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA), Avenida de Vigo, s/n - Campus Vida, CP 15705 Santiago de Compostela, calquera variación ou modificación que se produza nos datos antes referidos.

Santiago de Compostela, de de

Asdo.: .....





## **ANEXO B:**

### **B.1. DESCRICIÓN E REQUISITOS DO POSTO**

### **B.2. FASES DO CONCURSO**

#### **B.2.1. Fase 1: Baremación de méritos**

#### **B.2.2. Fase 2: Entrevista**

### **.3. MODELO PARA A VALORACIÓN DE MÉRITOS**



**B.1. DESCRIPCIÓN E REQUISITOS DO POSTO**

|                                      |   |
|--------------------------------------|---|
| <b>REFERENCIA</b>                    | <b>PCCC-23-TCP1</b>   |
| <b>Nº RELACIÓN DE POSTO</b>          | <b>609 1126</b>   |
| <b>CATEGORÍA, DENOMINACIÓN</b>       | TÉCNICO/A COORDINADOR/A DE PROXECTO   |
| <b>DURACION ESTIMADA DO CONTRATO</b> | Ata fin do proxecto, estimado 31/10/2024  |
| <b>PROXECTO</b>                      | <b>"PLAN COMPLEMENTARIO DE I+D+i - PROGRAMA DE COMUNICACIONES CUÁNTICAS"</b>  |
| <b>CONTRATO</b>                      | <p>Contrato de traballo temporal de duración determinada vencellado ao "Programa Complementario de Comunicacions Cuánticas" para cuxa execución asinaronse en xuño de 2022 os seguintes convenios:</p> <p><i>"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DE VIGO E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA INSTRUMENTAR A ACHEGA DE GALICIA AO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE COMUNICACIÓN CUÁNTICA DENTRO DOS PLANS COMPLEMENTARIOS DE I+D+I DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA"</i></p> <p><i>"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DE VIGO E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE COMUNICACIÓN CUÁNTICA DENTRO DOS PLANS COMPLEMENTARIOS DE I+D+I DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEX-GENERATIONEU"</i></p> |
| <b>DESCRIPCIÓN</b>                   | <p>Desenvolver actividades de execución do proxecto PCCC, que ten por obxectivo a implementación do Programa de Comunicacions Cuánticas dentro dos Plans Complementarios de I+D+i do Plan de recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - Next Generation EU.</p> <p>Coordinación e seguemento da actividade do CESGA dentro do PCCC, así como axuda na selección e definición das liñas de traballo dentro do marco de investigación do mesmo.</p> <p>Ofrécese contrato de traballo temporal para integración nun equipo de persoal científico e técnico, multidisciplinar, flexible e creativo</p>  |



|                                    |  |
|------------------------------------|--|
|                                    | <p>no que os valores de igualdade, respecto e valoración das potencialidades e circunstancias persoais son fundamentais, nun área emerxente de grande futuro.</p>  |
| <p><b>FUNCIONS DO POSTO</b></p>    | <p>As necesarias para a execución do proxecto. Para iso levará a cabo as seguintes tarefas (todas ou parte de elas segundo se determine durante a execución do proxecto):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estudio de estado do arte das tecnoloxías de comunicacións cuánticas.</li> <li>- Deseño e despregamento de sistemas de comunicacións cuánticas e/ou integración con sistemas de comunicacións clásicos.</li> <li>- Realización de casos de uso de interese nos sectores estratéxicos de Galicia ou noutros sectores onde a aplicación das tecnoloxías cuánticas puideran amosar unha vantaxe fronte ao emprego das técnicas clásicas.</li> <li>- Elaboración de informes e artigos científicos, así como elaboración de documentación das implementacións ou desenvolvementos realizados.</li> <li>- Presentación de resultados a nivel nacional ou internacional.</li> <li>- Asistencia a congresos e eventos relacionados.</li> <li>- Coordinación e seguimento das tarefas asociadas e do persoal de CESGA involucrado no PCCC ademais de axudar na selección e definición das liñas específicas de traballo dentro do marco de investigación sinalado anteriormente.</li> <li>- Implementación de pilotos de tecnoloxías cuánticas/postcuánticas e/ou realización de medidas de rendemento ou funcionalidades.</li> <li>- Desenvolvemento de software para sistemas de comunicacións cuánticos mediante paradigmas de tipo "redes definidas por software", "virtualización de funcións de rede", software de simulación ou outros desenvolvementos que se poidan considerar necesarios dentro do ámbito do proxecto.</li> <li>- Proporcionar soporte técnico vencellado aos despregues do proxecto.</li> <li>- Participación en actividades de divulgación e transferencia tecnolóxica, elaboración de material promocional ou plataformas web para divulgación do proxecto.</li> <li>- Vixilancia tecnolóxica: Busca e análise da documentación científica e técnica relacionada coa temática do proxecto, tanto de publicacións científicas como de patentes.</li> <li>- Outras tarefas necesarias para a execución exitosa do proxecto ou liñas de traballo que se identifiquen dentro do proxecto.</li> </ul> |
| <p><b>TITULACIÓN REQUIRIDA</b></p> | <p>Algunha das seguintes Titulacións:</p>  |



|  |  |  |
|--|--|--|
|  | <p>- Licenciado ou Enxeñeiro en Informática, Licenciado/a en Física, Licenciado en Matemáticas, Industriais ou Enxeñeiro Superior en Telecomunicacións.</p> <p>- Nivel 3 (Máster Oficial) segundo o Marco Español de cualificacións para a Educación Superior recollido no Real Decreto 1027/2011 de 15 de xullo, en algunha das seguintes áreas de coñecemento: Física, Matemáticas, Informática, Industriais ou Telecomunicacións. Deberá estar en posesión dos títulos oficiais de grado, ou equivalente, e de máster universitario, ou equivalente, tendo superadas, a lo menos, 300 créditos ECTS no conxunto destas dúas ensinanzas.</p> |  |
| <b>NIVEL DE IN-GLÉS</b>  | B1   |  |
| <b>REQUISITOS PARTICULARES</b>   | NON SE ESIXEN  |  |
| <b>PAZOS</b>   | <b>PRESENTACIÓN SOLICITUDES</b>  | 14 (dez) días naturais                       |
|  | <b>PRESENTACIÓN DE RECLAMACIONES A LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS</b>  | 3 (tres) días naturais                       |
|  | <b>PRESENTACIÓN RECLAMACIONES A LISTAXE DEFINITIVA E PROBAS IDIOMAS</b>  | 3 (tres) días naturais                       |
|  | <b>PRESENTACIÓN RECLAMACIONES A BAREMACIÓN DE MÉRITOS FASE 1</b>   | 3 (tres) días naturais                       |
|  | <b>PRESENTACIÓN RECLAMACIONES A LISTAXE DE PUNTUACIONES FINAIS (FASE 1 E FASE 2)</b>   | 3 (tres) días naturais                       |
|  | <b>APORTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN FINAL POLO/A CANDIDATO/A SELECCIONADO/A</b>   | 3 (tres) días naturais                       |
| <b>Nº DE CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS TRAS SUPERAR A FASE 1 PARA REALIZACIÓN DA ENTREVISTA</b> |  | 5 candidatos con maior puntuación na fase 1. |



|                                 |   |
|---------------------------------|---|
| <b>PUNTUACION MÁXIMA FASE 1</b> | <b>60 puntos</b>  |
| <b>PUNTUACION MÁXIMA FASE 2</b> | <b>6 puntos</b>   |
| <b>COMISIÓN DE SELECCIÓN</b>    | <ul style="list-style-type: none"> <li>- <u>Presidencia:</u> Subdirector Técnico da Fundación CESGA.<br/><u>Suplente:</u> Administrador de Aplicacións e Proxectos da Fundación CESGA.</li> <li>- <u>Secretaria:</u> Técnica Superior de Comunicacións da Fundación CESGA.<br/><u>Suplente:</u> Técnico Superior de Aplicacións e Proxectos da Fundación CESGA.</li> <li>- <u>Vogais:</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Administradora da área e-learning da Fundación CESGA</li> <li>▪ Técnico Superior de Comunicacións da Fundación CESGA.</li> </ul> </li> </ul> <p><u>Suplente:</u> Técnico Superior de Sistemas da Fundación CESGA</p> |

**B.2 FASES DO CONCURSO DE MÉRITOS**

|        |                       |           |
|--------|-----------------------|-----------|
| FASE 1 | BAREMACIÓN DE MÉRITOS | 60 puntos |
| FASE 2 | ENTREVISTA PERSOAL    | 6 puntos  |





**B.2.1. FASE 1: BAREMACIÓN DE MÉRITOS**

| CRITERIO  | VALORACIÓN  | DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA   | PUNTUACIÓN MÁX. |
|---|---|---|-----------------|
| <b>C1. Expediente académico do grao ou licenciatura</b>   | Ata 10 puntos, avaliados tendo en conta só unha das titulacións requiridas para o acceso ao proceso de selección (Grao+Máster ou Licenciatura).<br>(1).   | Fotocopia simple do expediente académico  | <b>10</b>       |
| <b>C2. Expediente académico doutras titulacións universitarias (Grao, Máster Oficial, Licenciatura, etc.) nas áreas de coñecemento indicadas para a titulación requirida.</b> | Ata 2 puntos por titulación de máster dentro das áreas esixidas.<br>Ata 4 puntos por titulación de grao das áreas esixidas na convocatoria.<br>Ata 6 puntos por titulacións anteriores de duración de cinco ou máis anos, dentro das áreas esixidas.<br>(1).                                  | Fotocopia simple do expediente académico  | <b>6</b>        |
| <b>C3. Título de Doutor nalgunha das áreas esixidas para a titulación</b>   | 6 puntos polo título de Doutor nalgunha das áreas indicadas para a titulación requirida.<br>8 puntos polo título de Doutor, se a tese doutoral ten como temática a Computación Cuántica.<br>10 puntos polo título de Doutor, se a tese doutoral ten como temática as Comunicacions Cuánticas. | Fotocopia simple do título referido á titulación, ou documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico. Para a avaliación da temática da tese doutoral, título e resumo da tese doutoral e, se é o caso, copia ou enlace ao contido completo da tese. | <b>10</b>       |
| <b>C4. Publicacións científicas sobre Tecnoloxías Cuánticas ou Redes de Comunicacions de Datos</b>  | 4 puntos por publicación sobre tecnoloxías cuánticas en revistas científicas con revisión por pares.<br>2 puntos por publicación sobre redes de comunicacións de datos en revistas científicas con revisión por pares.  | Copia da publicación  | <b>10</b>       |



|  |   |  |           |
|--|---|--|-----------|
| <b>C5. Inglés</b>                                    | 2 puntos por certif B2<br>3 puntos por certif C1<br>4 puntos por certif C2  | Certificado de aptitude  | <b>4</b>  |
| <b>C6. Experiencia</b>                               | 1 punto/mes traballado en tecnoloxías cuánticas da información ou física cuántica<br><br>0,2 puntos/mes traballado en redes de comunicacións de datos ou tecnoloxías de desenvolvemento en Python, Java, Javascript, PHP/Perl, Bash Shell.  | Documentación acreditativa (3)   | <b>8</b>  |
| <b>C7. Experiencia en proxectos de investigación</b> | 1,0 puntos/mes traballado no ámbito das tecnoloxías cuánticas da información, física cuántica<br><br>0,2 puntos/mes traballado no ámbito das redes de comunicacións de datos  | Documentación acreditativa (2)   | <b>8</b>  |
| <b>C8. Formación</b>                                 | 0,1 punto cada 5h de formación no ámbito das tecnoloxías cuánticas da información ou física cuántica.<br><br>0,07 punto cada 10h de formación no ámbito das redes de comunicacións de datos ou en tecnoloxías de desenvolvemento en Python, Java, Javascript, PHP/Perl, Bash Shell.<br><br>2 puntos por cada título universitario <u>adicional</u> no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións. | Certificado de asistencia incluíndo o temario do curso e o número de horas (cada curso só se valorará unha vez, no criterio mais favorable. Non se considerarán como cursos os créditos obtidos en estudos regulados).<br>Os cursos de menos de 10 horas se puntuarán de forma proporcional segundo o número de horas. | <b>4</b>  |
| <b>Puntuación Máxima FASE 1</b>                      |   |  | <b>60</b> |

(1) Valoradas segundo as normas acordadas na RESOLUCIÓN do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do protocolo de colaboración suscrito entre



a consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá presentarse a declaración de equivalencia de notas medias de estudos universitarios realizados en centros estranxeiros, segundo a resolución do 21 de marzo de 2016 da Dirección General de Política Universitaria e a resolución do 21 de xullo de 2016<sup>1</sup>.

(2) A participación en proxectos valorarase en función da súa duración por proxecto e ano traballado, ponderándose proporcionalmente a súa duración por meses, no caso de ser inferiores a un ano. Só se computará un proxecto por mes, independentemente da categoría na que se encadre o mesmo. Xustificarase coa seguinte documentación:

- a. Contrato de traballo onde figure expresamente o nome e código do proxecto ou certificación da entidade onde participou, incluíndo as datas de inicio e fin da participación.
- b. Copia da vida laboral.
- c. Declaración responsable asinada polo solicitante, cunha descrición do proxecto no que traballou, de non máis dunha cara dun folio A4, onde se xustifique a relación do mesmo co obxecto do criterio.

De non presentarse estes documentos, no prazo estipulado para a presentación de solicitudes, ou no prazo establecido para reclamacións tras a publicación da listaxe provisional de persoas admitidas, non poderá avaliarse a participación en proxectos.

(3) A experiencia práctica valorarase en función dos contratos de traballo presentados segundo a súa duración, ponderándose proporcionalmente a súa duración por meses. Só se computará un proxecto ou contrato por mes. Xustificarase coa seguinte documentación:

- a. Contrato de traballo.
- b. Copia da vida laboral.
- c. Declaración responsable, asinada polo solicitante, cunha descrición do traballo realizado, onde se xustifique a relación do mesmo co obxecto do criterio.

De non presentarse estes documentos, no prazo estipulado para a presentación de solicitudes, ou no prazo establecido para reclamacións tras a publicación da listaxe provisional de persoas admitidas, non poderá avaliarse este mérito.

No caso de que a documentación presentada permita a valoración dun mérito en máis de un criterio, so se valorará unha vez no criterio máis favorable para a persoa aspirante ao posto.

---

<sup>1</sup><http://www.educacionyfp.gob.es/en/servicios-al-ciudadano/catalogo/general/20/203615/ficha.html>





**B.2.2. FASE 2 : ENTREVISTA PERSOAL**

|               |                           |  |                 |
|---------------|---------------------------|--|-----------------|
| <b>FASE 2</b> | <b>ENTREVISTA PERSOAL</b> |  | <b>6 puntos</b> |
|---------------|---------------------------|--|-----------------|

A entrevista terá unha valoración máxima de 6 puntos e realizarase cunha duración aproximada de 15 minutos e versará sobre:

- Perfil dos/as candidatos/as.
- Complementos do currículum vitae.
- Idoneidade dos/as candidatos/as para o posto.
- Dispoñibilidade de incorporación.
- Cuestións propias das funcións do posto a desempeñar.





**B.3. Modelo para a valoración de méritos:**

Cada candidato **deberá cubrir o seguinte modelo cos méritos alegados e a puntuación, indicando con claridade a referencia á documentación xustificativa aportada.** Numeraranse as páxinas da documentación xustificativa e indicarse en cada apartado o/s número/s de páxina/s que corresponde/n a cada xustificación. **De non cubrirse axeitadamente esta información os méritos poderían non ser avaliados pola comisión.**



| <b>MÉRITOS</b>  | <b>Valoración</b>  | <b>MÉRITOS ALEGADOS E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA</b> | <b>PUNTUACIÓN ALEGADA</b> |
|---|--|---|---------------------------|
| <b>C1. Expediente académico do grao ou licenciatura</b>   | Ata 10 puntos, avaliados tendo en conta só unha das titulacións requiridas para o acceso ao proceso de selección (Grao+Máster ou Licenciatura).<br>(1).  |   |                           |
| <b>C2. Expediente académico doutras titulacións universitarias (Grao, Máster Oficial, Licenciatura, etc.) nas áreas de coñecemento indicadas para a titulación requirida.</b> | Ata 2 puntos por titulación de máster dentro das áreas esixidas.<br>Ata 4 puntos por titulación de grao das áreas esixidas na convocatoria.<br>Ata 6 puntos por titulacións anteriores de duración de cinco ou máis anos, dentro das áreas esixidas.<br>(1). |   |                           |



| <b>MÉRITOS</b>  | <b>Valoración</b>  | <b>MÉRITOS ALEGADOS E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA</b> | <b>PUNTUACIÓN ALEGADA</b> |
|---|--|---|---------------------------|
| <b>C3. Título de Doutor nalgunha das áreas esixidas para a titulación</b>                           | 8 puntos polo título de Doutor nalgunha das áreas indicadas para a titulación requirida.<br>10 puntos polo título de Doutor, se a tese doutoral ten como temática as Computación Cuántica ou as Comunicacions Cuánticas. |   |                           |
| <b>C4. Publicacións científicas sobre Tecnoloxías Cuánticas ou Redes de Comunicaciones de Datos</b> | 4 puntos por publicación sobre tecnoloxías cuánticas en revistas científicas con revisión por pares.<br>2 puntos por publicación sobre redes de comunicacións de datos en revistas científicas con revisión por pares.   |   |                           |



| <b>MÉRITOS</b>                                       | <b>Valoración</b>  | <b>MÉRITOS ALEGADOS E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA</b> | <b>PUNTUACIÓN ALEGADA</b> |
|--|--|---|---------------------------|
| <b>C5. Inglés</b>                                    | 2 puntos por certif B2<br>3 puntos por certif C1<br>4 puntos por certif C2   |   |                           |
| <b>C6. Experiencia</b>                               | 1 punto/mes traballado en tecnoloxías cuánticas da información ou física cuántica<br><br>0,2 puntos/mes traballado en redes de comunicacións de datos ou tecnoloxías de desenvolvemento en Python, Java, Javascript, PHP/Perl, Bash Shell. |   |                           |
| <b>C7. Experiencia en proxectos de investigación</b> | 1,0 puntos/mes traballado no ámbito das tecnoloxías cuánticas da información, física cuántica<br><br>0,2 puntos/mes traballado no ámbito das redes de comunicacións de datos   |   |                           |





| <b>MÉRITOS</b>       | <b>Valoración</b>  | <b>MÉRITOS ALEGADOS E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA</b> | <b>PUNTUACIÓN ALEGADA</b> |
|----------------------|--|---|---------------------------|
| <b>C8. Formación</b> | <p>0,1 punto cada 5h de formación no ámbito das tecnoloxías cuánticas da información ou física cuántica.</p> <p>0,07 punto cada 10h de formación no ámbito das redes de comunicacións de datos ou en tecnoloxías de desenvolvemento en Python, Java, Javascript, PHP/Perl, Bash Shell.</p> <p>2 puntos por cada título universitario <u>adicional</u> no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións.</p> |   |                           |

